

1. As orixes da civilización grega

A Hélade, o espazo grego

A civilización grega xurdiu no extremo oriental do mar Mediterráneo, no sur da península dos Balcáns. Desde alí estendeuse polas illas bañadas polos mares Exeo e Xónico, as costas de Asia Menor (actual Turquía) e o Mediterráneo occidental. O pobo grego referíase a este conxunto de terras en que habitaba como a Hélade. (1)

A península balcánica era un territorio fragmentado en estreitos vales illados separados por montañas. Por iso, a antiga Grecia non constituíu nunca un estado unificado, senón que cada val e cada illa formaban un estado independente. Non obstante, estes pequenos estados compartían o sentimento de pertencer a unha mesma civilización, pois falaban a mesma lingua e adoraban as mesmas divindades.

Nun territorio en que o relevo facía pouco produtivas as terras, o mar Mediterráneo converteuse na principal fonte de subsistencia e tamén nunha importante vía para a comunicación e para o comercio. (2) A proximidade ao mar e a súa situación como punto de unión entre Mesopotamia (Asia), Exipto (África) e o resto de Europa converteu os gregos en navegantes e comerciantes.



APRENDO A MIRAR

- Enumera os territorios que formaban a Hélade. Fíxate no relevo. Como influíu sobre a civilización grega?
- Compara este mapa cun mapa político actual nun atlas e nomea varios países no territorio que formou parte da Hélade.

2. Expedición cretense no século XVI a. C.



O nacemento da civilización grega

Na Idade dos Metais desenvóléronse na antiga Grecia dúas civilizacións, a cretense e mais a micénica, que constitúen as orixes da civilización grega. (5)

A civilización cretense ou minoica

- No terceiro milenio a. C., a illa de Creta adquiriu un papel preponderante no mar Exeo, xa que a súa localización lle permitiu dominar o comercio entre Oriente e Occidente. Alcanzou o seu máximo esplendor arredor do 1700 a. C. (3)
- Creta estaba gobernada por reis. Un dos máis influentes foi o lendario Minos, polo que esta civilización se coñece tamén como minoica. Os reis cretenses construíron palacios, como o de Cnosos. (6)

A civilización micénica

- A civilización micénica xurdiu cara ao ano 1600 a. C.-1400 a. C., cando o pobo aqueo, que procedía do norte, se instalou nos Balcáns e construíu cidades amuralladas, como Micenas e Tirinto.
- A sociedade micénica era patriarcal e estaba gobernada por un rei. Ao principio, a economía baseábase na agricultura e na gandaría, pero pouco a pouco os micénicos substituíron os cretenses no control da actividade comercial no Mediterráneo.

A época escura

- Arredor do 1200 a. C. a civilización micénica entrou en decadencia e iniciouse unha etapa de crise. Despois da súa desaparición transcorreu un período do que non se teñen documentos escritos e que coñecemos como a época escura.
- Nesta etapa a poboación agrupouse en poboados constituídos por grupos familiares e escravos vinculados con eles.

Tras a época escura, a historia de Grecia pasou por tres etapas: a época arcaica, a época clásica e a época helenística. (5)

5. A HISTORIA DA GRECIA ANTIGA



3. Muller cretense recollendo azafrán.

Posiblemente a muller minoica gozou de maior liberdade ca as doutras culturas do seu tempo, xa que participaba con frecuencia en todo tipo de cerimoniais.



4. Guerreiros micénicos. Portan casco, coiraza, escudo, lanza e caneleiras.

IDEAS CLAVE

- Describe o territorio orixinario da antiga Grecia.
- Nomea as etapas da historia grega. Cal foi a máis longa?
- Compara as civilizacións cretense e micénica.

CIVILIZACIÓN MINOICA

CIVILIZACIÓN MICÉNICA

ÉPOCA ESCURA

ÉPOCA ARCAICA

ÉPOCA CLÁSICA

ÉPOCA HELENÍSTICA

1400 a. C.

1150 a. C.

800 a. C.

490 a. C.

334 a. C.

30 a. C.

2. A época arcaica. As primeiras polis

Como naceron as polis

A partir do século VIII a. C., os habitantes da Hélade fóronse agrupando en polis, que eran cidades-Estado cun goberno, cunhas leis e cun exército propios. O seu territorio integraba tamén as zonas de cultivo, bosque e pasto circundantes. (10 e 11)

Nun principio, as polis estaban gobernadas por xefes locais, polo que a participación do pobo na política era limitada. Despois, o poder pasou a mans dos máis ricos. Esta minoría privilexiada denominouse a si mesma *aristoi*, que significa «os mellores». De aquí procede a palabra *aristocracia*, «goberno dos mellores». Esparta foi o mellor exemplo de polis gobernada pola aristocracia.

Nalgunhas polis implantáronse tiranías ou sistemas de goberno en que unha soa persoa concentraba todos os poderes do Estado.


Durante o século VI a. C., houbo un período de crise e revoltas populares contra os *aristoi* e os tiranos. Estas foron o inicio dun proceso que culminou coa aparición da **democracia**. Atenas foi o mellor exemplo de polis democrática.



FONTE: AA. VV., Atlas histórico y geográfico universitario, UNED (Adaptación)

10. AS POLIS GREGAS NA ÉPOCA ARCAICA

11. RECREACIÓN DUNHA POLIS GREGA



APRENDO A MIRAR

- Observa o mapa e o debuxo. A maioría das polis estaban na costa ou no interior? A que cres que se debía?

A expansión grega

Entre os séculos VIII e VI a. C., Grecia viviu unha época de crise porque a poboación aumentou, pero a terra, pouco fértil, non producía alimentos suficientes. Ademais, a maior parte das terras eran propiedade dunha minoría. Por iso, moitos gregos emigraron e fundaron colonias polo Mediterráneo.

As colonias establecíanse preto da costa para facilitar o transporte e o comercio. Eran comunidades independentes, aínda que mantiñan as divinidades, os costumes e a organización da polis de que procedía a súa poboación (metrópole).

A colonización levou os gregos a entraren en contacto con outros pobos, como os fenicios, os etruscos e os exipcios. Tamén contribuíu a estender a civilización grega máis alá das súas fronteiras.

IDEAS CLAVE

- Define aristocracia e tiranía. Indica se o significado actual destas palabras é o mesmo ca na Grecia antiga.
- Explica por que os gregos decidiron fundar colonias. Que consecuencias tivo esta colonización?
- Compara. En que se parecían e en que se diferenciaban unha polis e unha colonia gregas?


KIT DE FERRAMENTAS

Analizar a expansión colonial grega a partir dun mapa

É a túa vez

- Indica en que séculos e en que zona da súa historia se desenvolveu a expansión colonial grega.
- Enumera algunhas colonias gregas.

- De que metrópoles procedían os fundadores destas colonias? Nomea cinco delas.
- Que pobo competiu co grego polo control do Mediterráneo? Investiga sobre el. De que zona xeográfica era orixinario? Onde se asentou?



3. A época clásica. A democracia ateniense

A época clásica desenvolveuse durante o século V a. C. e a primeira metade do século IV a. C. Caracterizouse pola superioridade de dúas polis, Atenas e Esparta, e pola sucesión de guerras.

A democracia ateniense

No século VI a. C., algunhas polis implantaron un novo sistema de goberno, a **democracia**, que significa «goberno do pobo». Atenas constitúe o mellor exemplo de polis democrática. As principais institucións eran:

- A **Asemblea ou Ekklesia** era o órgano político máis importante. Nela votábanse as leis, decidíanse a guerra e a paz e elixíase os gobernantes. Estaba formada por todos os cidadáns atenienses que eran maiores de vinte anos.
- A **Bulé ou Consello dos Cincocentos** preparaba os asuntos que se discutían na Asemblea. Formábanla cincocentos cidadáns maiores de trinta anos elixidos por sorteo.
- Os **maxistrados** eran os funcionarios que executaban as decisións da Asemblea. Destacaban os **dez estraterxos**, que dirixían o exército e a armada.
- Os **tribunais de xustiza** eran elixidos cada ano por sorteo.

Só os cidadáns podían participar na vida política. As mulleres, os escravos e os estranxeiros non eran considerados cidadáns.

IGUALDADE




Temos unha Constitución que nada envexa os demais Estados, somos un exemplo que imitar. A administración do Estado non está nas mans de poucos, senón do pobo, e por iso o seu nome é democracia. A liberdade é a nosa pauta de goberno na vida pública.

«Discurso fúnebre de Pericles», en TUCÍDIDES, *Historia da guerra do Peloponeso*, século V a. C. (Adaptación)

- Investiga quen foron Pericles e Tucídides. Expón a relación entre Pericles e a democracia ateniense.
- Explica en que consistía a democracia ateniense segundo este texto. Quen formaba o pobo?

12. RECONSTRUCCIÓN DA ACRÓPOLE DE ATENAS



Un período de esplendor

A mediados do século VI a. C., o pobo persa, que habitaba na meseta de Irán (Asia), iniciou unha grande expansión e someteu as polis gregas de Asia Menor e as illas próximas ás súas costas.

No ano 499 a. C., as polis sometidas rebeláronse contra os persas. O resto das polis gregas, lideradas por Atenas, acudiron na súa axuda. Este foi o comezo das **guerras médicas**, que atravesaron varias etapas e concluíron co **triunfo grego**. (13)

Aínda que a vitoria sobre os persas nas guerras médicas foi posible grazas á participación de case todas as polis na contenda, tras ela Atenas adquiriu un enorme prestixio, converténdose na potencia máis importante da Hélade.

Aos éxitos militares, Atenas sumou o apoxeo económico, cultural e político. Así, durante o século V a. C., a polis viviu a súa época de maior esplendor, especialmente baixo o goberno de Pericles, elixido maxistrado ata quince veces entre os anos 461 a. C. e 429 a. C.


Pericles aumentou as atribucións da Ekklesia e a Bulé. Tomou medidas para incrementar a participación do pobo na vida política e evitar que o poder se concentrase nas mans das familias máis poderosas. Tamén encargou a reconstrución da Acrópole, destruída durante as guerras médicas, aos artistas máis prestixiosos da época. (12)



13. Loita entre un guerreiro persa (A) e un hoplita grego. (B)

IDEAS CLAVE

- Define Ekklesia, Bulé, estratega.
- Quen se enfrontou nas guerras médicas? Por que?
- Por que o século V a. C. se coñece como o século de Pericles?



APRENDO A MIRAR

- Describe a acrópole de Atenas.
- Investiga cal era a función da acrópole na época clásica. Por que se situaba nunha zona elevada?

PATRIMONIO

- Reflexiona. Por que cres que a Unesco declarou este conxunto arqueolóxico Patrimonio da Humanidade?
- Argumenta. Moitos restos da acrópole encóntranse no Museo Británico en Londres. Que vantaxes e inconvenientes ten isto para a conservación do patrimonio?

4. A época clásica. A oligarquía espartana

A oligarquía espartana

O goberno e a estrutura social de Esparta foron diferentes das demais polis. O seu sistema de goberno foi a **oligarquía**, que significa «goberno duns poucos», e baseábase nas seguintes institucións: (15)

- Dous reis, que pertencían a familias distintas, exercían o poder militar e relixioso.
- A Xerusia ou Consello de Anciáns estaba formado polos anciáns das familias máis prestixiosas de Esparta e polos dous reis. Propoñía e elaboraba as leis e podía xulgar os reis.
- Os éforos eran cinco maxistrados con plenos poderes para executar as decisións da Xerusia.
- A Asemblea ou Apella estaba formada por todos os homes libres espartanos maiores de trinta anos. A súa principal función era elixir os éforos e os membros da Xerusia, pero o seu poder era moi limitado porque a Xerusia podía vetar as súas decisións e porque os éforos presidían as súas reunións.

IGUALDADE


- As mulleres espartanas, igual ca as atenienses, non podían participar na política. Con todo, o seu papel na polis era importante. Investiga cal era ese papel.



14. Moza espartana.

DEREITOS HUMANOS

- Reflexionade e formulade hipóteses. Por que credes que Esparta seguiu sendo unha polis aristocrática mentres outras polis, como Atenas, se converteron en democráticas? ☺☺
- Imaxina que es cidadán ateniense. Como convencerías un espartano de que o sistema político de Atenas é mellor ca o de Esparta?



15. SISTEMA POLÍTICO ESPARTANO

O enfrontamento con Atenas

Esparta era unha das polis máis extensas e poderosas de Grecia, pero o auxe político, económico e cultural de Atenas durante o século V a. C. ameazou os seus intereses e os doutras polis. (17) Esta situación levou as polis gregas a agruparse en dous bandos, as partidarias de Atenas e as partidarias de Esparta. A tensión entre os dous bloques provocou no ano 431 a. C. a **guerra do Peloponeso**. (16) O conflito atravesou varias fases e acabou no 404 a. C. coa vitoria de Esparta, que se converteu na polis hexemónica.

O dominio de Esparta foi tan opresivo que no ano 403 a. C. Atenas e outras polis subleváronse. As loitas internas e a crise económica debilitaron as cidades-Estado gregas e facilitaron o **ascenso de Macedonia**, un reino ao norte de Grecia.

IDEAS CLAVE

- Compara nunha táboa as institucións atenienses e as espartanas.
- Describe as causas e as consecuencias da guerra do Peloponeso.
- A que territorio beneficiou máis esta guerra? Xustifica.
- Que sistema de goberno se implantou finalmente en Grecia, a democracia ou a oligarquía? Imaxina as consecuencias deste feito para os habitantes de Grecia.



16. Casco usado na guerra do Peloponeso.

A formación militar espartana

A vida dos cidadáns espartanos estaba consagrada á **guerra**. A partir dos 7 anos eran separados das súas nais para vivir nunha comunidade a dirección de homes adultos. Recibían un **duro adestramento físico** mentres recibían unha disciplina severa para inculcarlles obediencia, resistencia e valor.

Adestrados militarmente desde os 16 aos 20 anos, servían no exército entre os 20 e os 60 anos.

O corpo principal do exército, coma noutras polis, estaba integrado polos **hoplitas**, é dicir, os soldados que loitaban a pé, fortemente equipados con armas ofensivas e defensivas. Os espartanos diferenciábanse doutros hoplitas pola súa **capa vermella** e polo seu **cabelo longo**. (17)

A túa investigación

- Describe o armamento dos hoplitas espartanos. Pareceche que era un equipo pesado? Por que o pensas?
- Investiga o significado da capa vermella do hoplita espartano e explícao.
- Era o exército importante na civilización grega? Razoa.



17. HOPLITAS ESPARTANOS

5. A época helenística. O imperio de Alexandre Magno

O imperio de Alexandre Magno

Macedonia era un reino montañoso situado ao norte de Grecia. Posuía un exército forte e admiraba a cultura grega.

A mediados do século IV a. C., o rei Filipo II de Macedonia aproveitou a debilidade das polis gregas, tras décadas de enfrontamentos internos. Organizou un poderoso exército e no ano 338 a. C. someteunas, salvo a Esparta. No 336 a. C., cando se dispoñía a conquistar o Imperio persa, foi asasinado.

Sucedeu o seu fillo Alexandre Magno, (18) preparado desde neno para gobernar. Conquistou o Imperio persa e desde alí emprendeu unha grande expedición cara a Oriente. Entre os anos 334 a. C. e 323 a. C., alcanzou o val do río Indo e creou un extenso imperio que se estendía por Persia, Mesopotamia, Siria e Exipto. (20) Morreu no 323 a. C., cando proxectaba a conquista de Arabia. Esta grande expansión foi posible grazas ao eficaz exército macedonio, do que o núcleo principal era a falanxe. (19)

A expansión da cultura grega

Nos territorios conquistados por Alexandre Magno impúxose o grego como lingua oficial e estendéronse a cultura e a arte gregas. Esta fusión da cultura grega coa oriental coñécese co nome de helenismo.

O mundo helenístico foi un espazo de grandes cidades, como Pérgamo e Alexandría, (21) en que o comercio adquiriu grande importancia. Nesta época floreceron a arte e a literatura e producíronse importantes avances científicos.



18. Alexandre Magno na batalla de Issos contra os persas.

COMUNICACIÓN

- Investiga como loitaba a falanxe macedonia. Explícallo á túa parella apoiándote no debuxo.

DEREITOS HUMANOS


- As guerras eran constantes no antigo mundo grego. Credes que as vivía a poboación civil? Como se resolvan as secuelas?

As filas traseiras levaban as lanzas en vertical para atacar cando as filas dianteiras caían.

As cinco primeiras filas portaban as lanzas en posición horizontal.

Os hoplitas portaban escudos e longas lanzas que formaban un «xigantesco escudo ourizado».

19. FALANXE MACEDONIA (A) E HOPLITA (B)





20. O IMPÉRIO DE ALEXANDRE MAGNO

As monarquias helenísticas

Tras a morte de Alexandre Magno, os seus xenerais dividiron o territorio entre eles, adoptaron o título de reis e fundaron diversos reinos coñecidos como **monarquías helenísticas**. Entre elas destacaron Exipto, Mesopotamia, Tracia e Macedonia.

Nestas monarquías os reis ou raíñas eran a máxima autoridade política e militar. Eran considerados seres divinos a que se debía render culto. Adoitaban contar co apoio dun grupo de persoas próximas, entre os que había filósofos, artistas..., que os asesoraban en diferentes temas, aínda que a decisión final sempre correspondía ao monarca.

Os monarcas debían diferenciarse claramente dos seus súbditos, polo que custeaban a construción de maxestos edificios, como bibliotecas ou teatros, e levaban unha vida de gran luxo.

APRENDO A MIRAR

- Enumera os territorios que abrangueu o império de Alexandre Magno. En que século se conquistaron?
- Que cidades fundou Alexandre Magno? Consulta un atlas e indica nos territorios de que países actuais estaban.

COMUNICACIÓN

- Investiga, ponte no seu lugar e relata en primeira persoa quen foi Alexandre Magno.

IDEAS CLAVE


- Compara o goberno da Atenas clásica e o das monarquías helenísticas.
- Explica que foi o helenismo e por que constituíu un período de grande esplendor.

6. Sociedade e economía gregas

Unha sociedade desigual

A sociedade grega dividíase en varios grupos: (25)

- Os cidadáns eran unha minoría. Participaban na política e no exército e pagaban impostos. Entre eles había persoas ricas e persoas humildes.
- Os non cidadáns eran a maior parte da poboación. Non podían participar en política, pero a súa situación non era uniforme.
 - Os estranxeiros eran libres. Pagaban impostos e podían formar parte do exército, pero non se lles permitía posuír terras nin casas. Dedicábanse ao comercio e á artesanía.
 - Os escravos adoitaban ser prisioneiros de guerra ou fillos de persoas escravas. Traballaban na agricultura, nas minas e no servizo doméstico.
 - As mulleres podían ser libres ou escravas, pero todas carecían de dereitos.



25. **PIRÁMIDE SOCIAL DA ANTIGA GRECIA.** Cidadáns (A) e non cidadáns: estranxeiros, (B) mulleres (C) e escravos. (D)

KIT DE FERRAMENTAS

Comparar a educación ateniense e a actual

En Atenas, a educación duraba dos 7 aos 17 anos. As nenas non adoitaban estudar. Os rapaces aprendían a ler e escribir e estudaban gramática, aritmética, oratoria e música. Recibían clase na casa do mestre. Escribían sobre taboíñas de madeira cubertas con cera usando un punzón.



26. **Clase de música.** Os rapaces aprendían a tocar a lira e a frauta e a cantar.


A educación concibíase como unha formación integral da mente e do corpo. Por iso daban moita importancia á educación física. Desde os 12 anos, os mozos practicaban loita, lanzamento de disco, carreira, salto...

Dos 18 aos 20 anos, recibían instrución militar. Tras este período eran considerados maiores de idade e cidadáns de pleno dereito.

É a túa vez

- A que idade comezaba a educación na antiga Grecia?
- Que materias estudaban os nenos gregos? **Investiga** en que consistían. Cres que eran útiles para a súa vida adulta? **Argumenta.**
- Por que pensas que as nenas non estudaban?
- Por que cres que os mozos recibían instrución militar?
- **Compara** a educación en Grecia coa educación actual en España: idades, niveis, materias...





27. RECREACIÓN DUN PORTO COMERCIAL GREGO

As actividades económicas

As principais actividades eran as seguintes:

- **A agricultura.** Especializouse no cultivo de trigo, vide e oliveira.
- **A artesanía.** Elaborábase cerámica, obxectos de pel, tecidos de liño, la e algodón...
- **O comercio.** Era a actividade máis importante. Os grandes comerciantes, propietarios de barcos que navegaban polo Mediterráneo, exportaban aceite, viño, tecidos, obxectos de bronce, mobles... e importaban cereais, madeira, ferro, cobre... (27) Nos intercambios, utilizábanse moedas de prata chamadas dracmas.

IDEAS CLAVE

- Compara e expón as diferenzas entre un cidadán e un non cidadán en Grecia.
- Nomea as principais actividades económicas.
- Por que o comercio era tan importante para a economía grega? Xustifica.

APRENDO A MIRAR

- Observa a pirámide social da antiga Grecia e explícaa.

DEREITOS HUMANOS



- Lede este texto.

Estes [seres] [...] non poden facer outra cousa que someterse á autoridade dun señor; porque se é escravo por natureza [...]; a utilidade dos animais e a dos escravos é pouco máis ou menos a mesma. Uns e outros axúdannos coa súa forza a satisfacer as necesidades da vida.

ARISTÓTELES, *Política*, século IV a. C.

- Pescudade quen foi Aristóteles. Que eran as persoas escravas para el?
- Imaxínade que podedes falar con Aristóteles. Explicádelle por que ningún debe vivir na escravitude.



7. As crenzas na antiga Grecia

A mitoloxía grega

A relixión grega era **politeísta**. Os deuses e as deusas tiñan aspecto humano, aínda que eran inmortais. Os máis importantes residían no monte Olimpo. Zeus, deus do ceo, era o deus principal e gobernaba sobre os demais deuses. (29) Outras divindades relevantes foron Hera, esposa de Zeus e deusa protectora do matrimonio; Ares, deus da guerra; Afrodita, deusa do amor e da beleza; Apolo, deus das artes...

Cada polis tiña a súa divindade protectora. Por exemplo, **Atenea**, deusa da sabedoría e da guerra, era a protectora de Atenas.

Da unión dun deus ou deusa e dunha persoa nacían os **heroes**, como Aquiles ou Heracles. Estes eran poderosos, pero mortais.

Os gregos tamén crían en **criaturas fantásticas**, como os ciclopes, seres cun único ollo, ou os centauros, cabalos con cabeza e torso humanos.

Na antiga Grecia desenvóléronse numerosos mitos sobre os deuses e deusas e outras criaturas.

Os lugares do culto

Os ritos realizábanse en tres espazos.

- Na **casa**, cada familia tiña un **altar** dedicado á deusa do fogar, Hestia, e aos antepasados familiares.
- No exterior dos **templos**, os cidadáns participaban no culto aos deuses ou deusas. O templo era considerado a casa da divindade. (31)
- Nos **santuarios**, realizábanse ritos comúns para todas as polis gregas; por exemplo, en honor de Zeus celebrábanse os Xogos Olímpicos no santuario de Olimpia.

Os gregos consultaban sobre temas importantes aos deuses nalgúns santuarios. Formulaban unha pregunta á deidade e a súa resposta, o **oráculo**, era interpretada por sacerdotes. (30)

IDEAS CLAVE

- Define **heroe**, santuario, oráculo.
- Nomea varios deuses e deusas gregos.
- En que lugares celebraban os ritos relixiosos os gregos? **Explica**.



29. Zeus co animal con que se asociaba, a aguiá.

EXPLORA

O oráculo de Delfos

Un dos lugares máis importantes de Atenas era o **oráculo**, consagrado ao deus Apolo. Alí unha sacerdotisa, a **pitia**, «recibía» a opinión do deus sobre diversos temas tras sentar nun trípode e inhalar os «vapores sagrados» que xurdían dunha fendedura no chan. A súa profecía era interpretada por un sacerdote.


As polis adoitaban consultar o oráculo, por exemplo, antes de emprender unha guerra ou tomar unha decisión de goberno.



30. Deusa Nike procedente de Delfos.

A túa investigación

- Imaxina que vivises na antiga Grecia. Sobre que tema preguntaría á pitia? Razo a resposta.



Como eran os templos?

Os templos gregos construíanse en pedra e pintábanse de cores vivas. Tiñan planta rectangular e teitos planos que se sostían sobre columnas. Organizábanse en varias dependencias. (31)


Para lograr que os edificios fosen harmoniosos, aplicábanse ás columnas e aos elementos que sustentaban unhas regras denominadas ordes, que determinaban o seu tamaño e a proporción entre eles. Existiron tres ordes: a dórica, a xónica e a corintia. (32)

APRENDO A MIRAR


- Describe o Partenón.
- Compara as tres ordes gregas.

32. ORDES GREGAS


DÓRICA



XÓNICA



CORINTIA



8. A escultura e a cerámica gregas

O ideal de beleza da escultura grega

A escultura grega estaba vinculada coa relixión e a maioría das obras representaban deuses, deusas e mais heroes. Realizáronse tanto esculturas exentas como relevos nas métopas e frisos dos templos, en estelas funerarias, etc.

Os artistas tiñan grande interese en mostrar a **beleza ideal** do corpo humano espido. Consideraban que esa beleza se baseaba nunhas proporcións harmoniosas, para o cal estableceron un **canon**, é dicir, unha regra para representar o corpo humano. Crían que este debía ter unha altura equivalente a sete cabezas.

O **bronze** e o **mármore** foron os materiais máis utilizados. Case todas as esculturas se pintaban de **vivas cores** que non se conservaron. (33) A maioría das obras de bronze perdéronse, pero coñecémolas grazas ás copias romanas.

A escultura pasou por tres etapas: **arcaica**, **clásica** e **helenística**. (34, 35 e 36) Entre os escultores destacaron **Mirón**, **Policleto** e mais **Fidias** no século v a. C., e **Scopas**, **Lisipo** e **Praxíteles** no século IV a. C.



33. Recreación da cor da escultura de Atenea no templo de Afaia, en Egina (Grecia).

ÉPOCA ARCAICA


- Esculturas ríxidas e estáticas.
- Trazos esquemáticos e moi antinaturais.
- Atletas espidos (*kuroi*) e mozas vestidas (*korai*). (34)



34. Kuros (esquerda) e koré (dereita).

ÉPOCA CLÁSICA

- Esculturas máis naturais e cun **movemento equilibrado**. (35)
- Rostros serenos e idealizados.
- Beleza ideal do corpo humano.



35. Hermes, obra de Praxíteles.

ÉPOCA HELENÍSTICA

- Obras cun intenso movemento.
- Rostros moi expresivos.
- Posicións complexas. (36)



36. Gálata Ludovisi.

Analizar a vida cotiá a partir da cerámica

A cerámica grega desenvolveuse moito. Realizáronse vasillas para beber ou para conter aceite, auga, perfumes, ungüentos, xoias, etc. Estas decorábanse con animais reais ou fantásticos e con escenas da vida cotiá, da mitoloxía...



Esta vasilla para ungüentos decorouse con mulleres tecendo.



Ánfora con dúas persoas xogando aos dados.

Esta escena que decoraba o fondo dunha copa mostra un banquete.



As hidrias usábanse para transportar auga desde as fontes, como se ve na decoración.



É a túa vez

- Analiza a decoración destas cerámicas. Sobre que aspectos da vida grega ofrecen información?
- Elixe unha das vasillas e describe a escena que mostra.
- Cres que a cerámica grega é unha boa fonte de información histórica? Razona a resposta.



A escena mostra unha muller acomodada e as súas escravas.

O fondo desta copa mostra un armeiro.



APRENDO A MIRAR

- Que trazos do *kuros* e da *koré* lles dan un carácter estático? Observas eses trazos no *Gálata Ludovisi*?
- Se traballases nun museo, como describirías o *Hermes* aos visitantes?

IDEAS CLAVE

- Enumera as características da escultura grega.
- Que era a beleza ideal para os escultores gregos? Explica que é o canon grego.
- Pareceche que os escultores gregos tiñan un bo coñecemento da anatomía humana?

9. O saber grego

O nacemento da filosofía

O pobo grego, aínda que tamén creou mitos para explicar os fenómenos da natureza que non comprendía, foi o primeiro en buscar unha explicación racional do universo. Este conxunto de reflexións lóxicas e racionais denomínase filosofía. Sócrates, (38) Platón e Aristóteles foron os filósofos gregos máis destacados.

Os primeiros filósofos interesáronse por todos os campos do saber, desde a astronomía ata a medicina, a xeografía ou a música. Por iso, a filosofía e a ciencia estaban unidas, pero, a partir do século V a. C., a ciencia comezou a desenvolverse de xeito independente.

O desenvolvemento da ciencia

Na antiga Grecia establecéronse os fundamentos da ciencia. Os gregos levaron a cabo avances en diferentes campos.

Física

Arquímedes formulou o principio que leva o seu nome sobre o desprazamento dos corpos nos fluídos.

Historia

Herodoto interesouse por separar os feitos das lendas. Por iso se considera o fundador da historia.

Medicina

Hipócrates é considerado o creador da medicina científica, pois rexeitou as explicacións máxicas das enfermidades.

Astronomía

Tales de Mileto explicou o universo sen recorrer a poderes sobrenaturais. **Eratóstenes** demostrou que a Terra é esférica.

Matemáticas

Pitágoras sentou as bases da xeometría. **Hipatia de Alexandría** realizou tamén estudos de xeometría e álgebra.



38. Sócrates, obra do escultor contemporáneo Attilio Piccirilli. Sócrates é considerado o pai da ética.

DEREITOS HUMANOS

- Investiga quen foi Hiperquias de Maronea. Pensas que a súa traxectoria foi fácil na Grecia antiga? Xustifica.

Investiga e explica o que é o movemento hipocrático.

¿Vixente nos nosos días?

Paréceche importante?

- 39. Vendaxe dunha ferida.



O éxito da literatura

O teatro inventouse en Grecia. As primeiras obras eran traxedias que escenificaban os momentos máis dramáticos na vida dun personaxe. Os autores principais foron Esquilo, Sófocles e Eurípides. Máis tarde, apareceu a comedia, que criticaba a sociedade grega mediante situacións de enredo. Aristófanes foi un dos seus autores. Tamén sobresáa a poesía. Homero escribiu a *Ilíada* e a *Odisea*, que narran episodios da guerra de Troia. (37) Safo compuxo obras de tema amoroso e Píndaro enalzou nas súas poesías os vencedores dos Xogos Olímpicos.




37. Cerámica que mostra un episodio da guerra de Troia.

IDEAS CLAVE

- Enumera algúns personaxes que destacasen na filosofía, na ciencia e na literatura da Grecia clásica. Que coñeces sobre eles?
- Compara e explica a diferenza entre mitoloxía, filosofía e ciencia. Valora a importancia destes tres campos do saber na actualidade.


ORGANIZO AS MIÑAS IDEAS

- 1 Resume as ideas principais da unidade. Copia e completa o esquema no caderno. Despois, elabora unha táboa sobre a arte e o saber gregos.



APLICO OS MEUS COÑECEMENTOS

- 2 Debuxa unha liña do tempo e escribe os períodos e as datas da Grecia antiga.



- 3 Indica a que etapa da historia de Grecia corresponden estes feitos.

- Expansión polo Mediterráneo
- Guerras médicas
- Conquistas de Alexandre Magno
- Guerra do Peloponeso

- 4 Elabora un mapa da zona mediterránea.

- Localiza Grecia.
- Sitúa Atenas, Esparta, Corinto e Mileto.
- Rotula cinco colonias gregas do Mediterráneo e dúas do mar Negro.

- 5 Define estes termos.

- Polis
- Helenismo
- Ordes arquitectónicas
- Acrópole
- Oráculo

- 6 Explica a diferenza entre estes termos.

- Democracia e tiranía
- Orquestra e escena
- Ekklesia e Apella
- Oligarquía e aristocracia
- Acrópole e ágora



- 7 Compara o sistema político de Atenas e o de Esparta na época clásica. Cal dos dous se parece máis aos sistemas políticos que existen no mundo actual? Razoa a resposta.



43. Pericles.



8 Compara os edificios. Un construíuse no século V a. C. e outro no XIX d. C. Cal é cada un? Por que pensas que se parecen?

9 Indica en que campos destacaron estas persoas.

- Pericles
- Hipatia
- Pitágoras
- Alexandre Magno
- Fidias
- Herodoto

10 Describe as principais actividades económicas da antiga Grecia. Que se desenvolvían estas actividades e non outras tivo algunha relación co medio natural da Hélade? Razona a resposta.

11 Como era a vida das mulleres no mundo grego antigo? Cres que existe na actualidade algún lugar do mundo en que as mulleres vivan dun modo semellante? Xustifica.

12 A sociedade grega, era igualitaria? Argumenta a resposta con exemplos.

13 Organiza nun esquema as institucións atenienses da época clásica. Compara o teu esquema co da túa parella.

14 TITULARES

• Imaxina que es xornalista. **Escrebe** un titular que resuma o que para ti foi a antiga Grecia.

• **Compara** o teu titular co da túa parella. **Explicalle** por que o elixiches e cal é o seu significado.

• **Compara** os vosos dous titulares cos do resto da clase. Que aspectos se destacaron neles? Coinciden cos que tedes vós?



15 Clasifica as seguintes esculturas segundo a etapa a que pertencen (arcaica, clásica ou helenística). Argumenta a túa clasificación.



44. Dama de Auxerre (A) e Doriforo, obra de Policleto. (B)

16 Valorade a herdanza que recibimos da Grecia antiga. Que vos parece o máis importante?



VALORO A APRENDIZAXE

◆ **Pensa** que sabías antes de comezar esta unidade sobre a antiga Grecia. Que aprendiches?

◆ **Repasa** os conceptos clave ao inicio da unidade. Por que son clave?

◆ Que che pareceu máis interesante?

◆ **Analiza** o teu traballo en grupo e en parella. Que achegaches en cada caso? E os teus compañeiros e compañeiras?

Os Xogos Olímpicos: un legado grego


Os Xogos Olímpicos son na actualidade unha gran competición deportiva en que participan atletas de todos os lugares do mundo e en moi distintas disciplinas. Sabes que tamén eran unha das celebracións principais da antiga Grecia? Naquel tempo organizábanse cada catro anos no santuario de Olimpia e celebrábanse en honor a Zeus. Os primeiros da historia aconteceron no ano 776 a. C.

Ás Olimpíadas acudían atletas de todas as polis. Por iso, antes de que comezasen, decretábase unha tregua entre todas as cidades gregas para que os atletas puidesen desprazarse deica Olimpia sen sufrir ningún contratempo no camiño.

Os xogos duraban uns cinco días. Transcorrían durante o verán e unicamente podían participar homes gregos libres. As mulleres tampouco podían acudir como espectadoras. O primeiro día era o desfile dos atletas e dos xuíces. Tamén se celebraban varias cerimonias relixiosas.

Os días restantes levábanse a cabo as competicións: carreiras de carros, puxilato, carreiras de lonxitude e resistencia... Entre todas as probas destacaba o pentatlón (salto, carreira, lanzamento de disco e de xavelina e loita). (45)

O último día entregábase o premio aos vencedores (unha coroa de follas de oliveira) nunha cerimonia solemne, e celebrábase un banquete.



A



D



B



E



C

45. O pentatlón grego constaba de salto, (A) lanzamento de xavelina, (B) loita, (C) carreira (D) e lanzamento de disco. (E)

17 Compara os Xogos Olímpicos gregos e os actuais.

- Onde e cando se celebraban as Olimpíadas gregas? E as actuais?
- Indica de que lugares do mundo procedían os atletas. E nos xogos actuais?
- Explica por que se realizaban nun santuario. Ocorre o mesmo hoxe en día?
- Canto tempo duraban daquela? E hoxe? Que probas había en ambos os casos?
- Comenta se as mulleres podían participar nas probas ou asistir como espectadoras. Sucede igual na actualidade?
- Cales eran os premios? Investiga e explica o seu significado. Parécense aos actuais?

18 Investiga sobre os Xogos Olímpicos.

- Investiga cando deixaron de celebrarse os Xogos Olímpicos na antiga Grecia e por que.
- Cando comezaron a celebrarse os xogos modernos? Quen os impulsou? En que se parecían e diferenciaban dos antigos?



19 FAGO CONEXIÓNS. Reflexionade.

- Explicade o que é o «espírito olímpico» e a súa relación coas Olimpíadas. Pescudade se é o mesmo que sustentaba os xogos gregos.
- Parécense os xogos actuais e os gregos?
- Os Xogos Olímpicos eran moi populares en Grecia e seguen séndoo na actualidade. A que cres que deben o seu éxito onte e hoxe?

Interpreto un mito

Un mito é unha narración fantástica protagonizada por divindades ou heroes. En ocasións os mitos conteñen alusións á realidade.

20 Analiza o mito de Atenea e Poseidón.

- Investiga e explica quen son os protagonistas. Son personaxes reais?
- Cóntalles o mito ás compañeiras e compañeiros.
- Que elementos fantásticos contén? Menciona algún feito real?

21 Interpreta.

- Que pretendía xustificar ou explicar este mito?
- Cal cres que foi a verdadeira razón que apartou as mulleres da vida política en Grecia?
- Segundo outra versión do mito, as mulleres decantáronse por Atenea e os homes por Poseidón. Gañou Atenea por un só voto e, para calmar a cólera de Poseidón, os atenienses decidiron que as mulleres perdesen o dereito a votar. Que versión elixes? Por que?

22 Reflexionade.

- Coñeces outros mitos? Póñede exemplos.
- Por que recorremos aos mitos para explicar algunhas cousas? Son os mitos explicacións válidas para elas?

O enfrontamento entre Atenea e Poseidón

Tras a fundación de Atenas, Atenea e Poseidón enfrontáronse por ser os patronos da polis. Acordaron que cada un faría un regalo aos atenienses e estes elixirían.

Poseidón golpeou o chan co tridente e fixo brotar unha fonte, pero a súa auga era salgada. Atenea, en cambio, obsequiounos coa primeira oliveira.

Os habitantes de Atenas consideraron máis útil a oliveira e escolleron a Atenea como patroa. Poseidón, furioso, inundou a cidade como castigo. Zeus ordenoulle deter a súa vinganza a cambio de concederlle que as mulleres, que maioritariamente se decantaran por Atenea, perdesen o dereito ao voto.



46. Vasilla que representa a Atenea.

PENSO CRITICAMENTE

Os gregos corrían maratóns nos Xogos Olímpicos?



47. Eliud Kipchoge, vencedor do maratón en Tokyo 2021.

23 INVESTIGA

- Localiza Maratón nun mapa dixital. Onde se encontra? Que distancia hai entre este lugar e Atenas?
- Investiga quen foi Filípides e por que foi coñecido na Antigüidade.
- O maratón é parte das probas de atletismo dos Xogos Olímpicos. En que consiste esta proba?

24 CONTRASTA

- Nas Olimpíadas de que ano se correu o primeiro maratón?

25 EMITE UN XUÍZO

- Relaciona. Que vinculación existe entre o maratón olímpico e a civilización grega?